



**Deputación  
DA CORUÑA**

SERVIZO DE ORZAMENTOS E ASISTENCIA  
ECONÓMICA A CONCELLOS  
SECCIÓN I

## **ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS PROVINCIAIS**

**Base 58 de execución do Orzamento Provincial do exercicio 2024**

**GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS:**

1. **Resolución da Presidencia núm. 1190/2024, con data do 15/01/2024, que aproba o primeiro pago da asignación do exercicio 2024.**
2. **Resolución da Presidencia núm. 2160/2024, con data do 22/01/2024, que modifica a resolución número 1190/2024 de data 15 de xaneiro do 2024 pola que se aproba o primeiro pago da asignación do exercicio 2024.**
3. **Resolución da Presidencia núm. 33156/2024, con data 13/08/2024, que aproba o segundo pago da asignación do exercicio 2024.**
4. **Resolución da Presidencia núm. 53943/2024, con data 30/12/2024, que aproba o terceiro pago da asignación do exercicio 2024.**



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

**PRESIDENCIA**

**Expediente: 202400000355**

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PRIMEIRO PAGO DA ASIGNACIÓN DO EXERCICIO 2024 AO GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS.**

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da**

**Coruña,**

**ANTECEDENTES**

No Boletín oficial da provincia número 247 do 29 de decembro de 2023 publícase o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2024 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regula a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local fixa para o grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS un importe trimestral de 7.500,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O grupo político provincial Alternativa dos Veciños dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

Hai crédito orzamentario suficiente na aplicación 0000/91202/480 para atender a asignación provincial proposta, tal como se acredita no documento contable RC **220240000016**.

En virtude dos antecedentes, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Recoñecer unha obriga de pago na aplicación 0000/91202/480 e aprobar o aboamento da asignación correspondente ao primeiro pago do 2024, por un importe de

7.500,00 € a prol do Grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (NIF: V70467857), e ingresalo na súa conta na entidade financeira ABANCA: IBAN: ES06 2080 0064 9530 4001 6243.

**SEGUNDO.-** O grupo provincial terá que levar unha contabilidade específica da asignación concedida que porá ao dispor do Pleno nos termos sinalados na base 58ª de execución do orzamento 2024.

**TERCEIRO.-** Os rexistros contables citados xunto coa acreditación dos movementos da conta bancaria e as fotocopias dos documentos dos gasto haberá que achegalos como xustificación do destino que se lle dou aos fondos librados anticipadamente como “pago a xustificar”, xunto co informe-memoria do responsable da contabilidade do grupo político provincial, tal e como se regula na base 58ª de execución do orzamento provincial.

**CUARTO:** O pago da asignación ten a natureza de pago a xustificar. Os pagos periódicos esixen a xustificación documental dos fondos recibidos no período anterior. En calquera caso, haberá unha xustificación dentro dos dez primeiros días do mes de decembro do exercicio e procederá, no seu caso, o reintegro dos fondos non aplicados á súa finalidade nesa data.

**QUINTO:** A dotación económica concedida poderase destinar ás clases de gastos establecidas na base 58ª de execución do orzamento.


**SEXTO:** Cada xustificación periódica será informada pola Intervención provincial e aprobada mediante resolución do Presidente.

**SÉPTIMO:** A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicarase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

**OCTAVO:** Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

**PRESIDENCIA**

**Expediente: 202400000355**

**Resolución pola que se modifica a resolución número 2024/1190 de data 15 de xaneiro do 2024 pola que se aproba o primeiro pago da asignación do exercicio 2024 ao Grupo Político Provincial Alternativa dos Veciños.**

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,**

**I.ANTECEDENTES.**

Por Resolución da Presidencia número 2024/1190 con data do 15 de xaneiro de 2024 aprobouse o primeiro pago da asignación do exercicio 2024 ao Grupo Político Provincial Alternativa dos Veciños por o importe de 7.500,00 €.

Para determinar o importe da devandita asignación inicial tívose en conta o importe trimestral que se especifica na Base 58.<sup>a</sup> de execución do Orzamento Provincial aprobado para o exercicio 2024, tal e como se recollía nos anteriores exercicios orzamentarios.

Con todo, no orzamento Provincial do exercicio 2024 levouse a cabo unha modificación na Regra 13.<sup>a</sup> que establece o seguinte: "*Ou pagamento será semestral e terá a natureza de pago a xustificar...*".

En consecuencia procede aprobar a adecuación do importe do primeiro pago da asignación do exercicio 2024 ao Grupo Político Provincial Alternativa dos Veciños que ascende a o **importe semestral de 15.000,00 €**.

Para atender o importe adicional de 7.500,00 €, e acadar o importe semestral de 15.000,00 €, existe crédito na aplicación 0000/91202/480, tal e como se acredita no documento contable RC 220240000389.

**RESOLVO**

Modificar a Resolución número 2024/1190 de data 15 de xaneiro do 2024 e pagarlle ao Grupo Político Provincial Alternativa dos Veciños a cantidade de 7.500,00 € co fin de adecuar o importe do 1º pago do 2024 ao máximo estimado para un semestre.

### **1º Onde di:**

*“A número 58 das bases de execución regulamenta a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local fixa para o grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS un importe trimestral de 7.500,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.*

### **Debe dicir:**

A número 58 das bases de execución regulamenta a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local fixa para o grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS un importe semestral de 15.000,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

### **2º Onde di:**

*“**PRIMEIRO.-** Recoñecer unha obriga de pago na aplicación 0000/91202/480 e aprobar o aboamento da asignación correspondente ao primeiro pago do 2024, por un importe de 7.500,00 € a prol do Grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (NIF: V70467857), e ingresalo na súa conta na entidade financeira ABANCA: IBAN: ES06 2080 0064 9530 4001 6243..”*

### **Debe dicir:**

**PRIMEIRO.-** Recoñecer unha obriga de pago na aplicación 0000/91202/480 e aprobar o aboamento da asignación correspondente ao primeiro pago do 2024, por un importe semestral de 15.000,00 € a prol do Grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (NIF: V70467857), e ingresalo na súa conta na entidade financeira ABANCA: IBAN: ES06 2080 0064 9530 4001 6243.

### **3º Onde di:**

*“**SÉPTIMO:** A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicarase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.”*

### **Debe dicir:**

**SÉPTIMO:** A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicarase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

### **4º Onde di:**

*“Hai crédito orzamentario suficiente na aplicación 0000/91202/480 para atender a asignación provincial proposta, tal como se acredita no documento contable RC 220240000016.”*

**Debe dicir:**

Hai crédito orzamentario suficiente na aplicación 0000/91202/480 para atender a asignación provincial proposta, tal como se acredita nos documentos contables **RC 220240000016 e RC 220240000389.**

Polo tanto, o texto definitivo da Resolución será o seguinte:

**ANTECEDENTES**

No Boletín oficial da provincia número 247 do 29 de decembro de 2023 publícase o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2024 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regula a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local fixa para o grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS un importe semestral de 15.000,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O grupo político provincial Alternativa dos Veciños dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

Hai crédito orzamentario suficiente na aplicación 0000/91202/480 para atender a asignación provincial proposta, tal como se acredita nos documentos contables **RC 220240000016 e RC 220240000389.**

En virtude dos antecedentes, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Recoñecer unha obriga de pago na aplicación 0000/91202/480 e aprobar o aboamento da asignación correspondente ao primeiro pago do 2024, por un importe semestral de 15.000,00 € a prol do Grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (NIF: V70467857), e ingresalo na súa conta na entidade financeira ABANCA: IBAN: ES06 2080 0064 9530 4001 6243.

**SEGUNDO.-** O grupo provincial terá que levar unha contabilidade específica da asignación concedida que porá ao dispor do Pleno nos termos sinalados na base 58ª de execución do orzamento 2024.

**TERCEIRO.-** Os rexistros contables citados xunto coa acreditación dos movementos da conta bancaria e as fotocopias dos documentos dos gasto haberá que achegalos como xustificación do destino que se lle dou aos fondos librados anticipadamente como "pago a

xustificar”, xunto co informe-memoria do responsable da contabilidade do grupo político provincial, tal e como se regula na base 58ª de execución do orzamento provincial.

**CUARTO:** O pago da asignación ten a natureza de pago a xustificar. Os pagos periódicos esixen a xustificación documental dos fondos recibidos no período anterior. En calquera caso, haberá unha xustificación dentro dos dez primeiros días do mes de decembro do exercicio e procederá, no seu caso, o reintegro dos fondos non aplicados á súa finalidade nesa data.

**QUINTO:** A dotación económica concedida poderase destinar ás clases de gastos establecidas na base 58ª de execución do orzamento.

**SEXTO:** Cada xustificación periódica será informada pola Intervención provincial e aprobada mediante resolución do Presidente.

**SÉPTIMO:** A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais a súa tramitación publicarase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

**OCTAVO:** Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

**PRESIDENCIA**

**Expediente: 202400000355**

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O SEGUNDO PAGO (PRIMEIRA XUSTIFICACIÓN) DA ASIGNACIÓN DO EXERCICIO 2024 AO GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS**

**DON XOSÉ REGUEIRA VARELA, presidente en funcións da Deputación provincial da Coruña**

**ANTECEDENTES**

No Boletín oficial da provincia número 247 do 29 de decembro de 2023 publicouse o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2024 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regula a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local. fixa para o Grupo Provincial Alternativa dos Veciños un importe semestral de **15.000,00 €** de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O Grupo Político Provincial Alternativa dos Veciños dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

Presentouse a documentación xustificativa achegada polo portavoz do Grupo, que foi obxecto de preceptivo informe da Intervención Provincial. O importe xustifico ascende a 4.858,15 € e para repoñer este importe existe crédito orzamentario na aplicación 0000/912.02/480 que ten por finalidade atender a asignación provincial proposta.

En virtude dos antecedentes, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Dar por xustifico o importe de 4.858,15 € a que ascende a documentación presentada por gastos xestionados no período comprendido entre o 1 de xaneiro do 2024 ao



15 de xullo do 2024. En consecuencia o resumo da actividade realizada, acreditada e xustificada neste período responde ao seguinte detalle:

0.-Importe anual		30.000,00
I.- Importe semestral da asignación		15.000,00
II.-Importe total xustificado:1ª xustificación		4.858,15
III.-Importe reposición por gastos xustificad os ata o 15 de xullo do 2024	1ª xustificación	4.858,15
	Total xustificad o:	4.858,15
IV.- Importe anticipado seguinte período		15.000,00
V.- Importe disponible= Total anual-Total xustificad o		25.141,85

**SEGUNDO.-** Recoñecer unha obriga de pago na aplicación 0000/91202/480 e aprobar o aboamento do importe desta xustificación que se presenta do exercicio 2024, por un importe de **4.858,15 €** a prol do a prol do Grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (NIF: V70467857), e ingresalo na súa conta na entidade financeira ABANCA: IBAN: ES06 2080 0064 9530 4001 6243.

**TERCEIRO.-** A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais e a súa tramitación publicarase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

**CUARTO.-** Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

**PRESIDENCIA**

**Expediente:** 202400000355

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O TERCEIRO PAGO (SEGUNDA XUSTIFICACIÓN) DA ASIGNACIÓN DO EXERCICIO 2024 AO GRUPO PROVINCIAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS**

**DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, presidente da Deputación provincial da Coruña

**ANTECEDENTES**

No Boletín oficial da provincia número 247 do 29 de decembro de 2023 publicouse o anuncio da aprobación definitiva do Orzamento xeral provincial para o exercicio 2024 e as bases para a súa execución.

A número 58 das bases de execución regula a asignación aos grupos políticos provinciais no desenvolvemento o previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local. Fixa para o Grupo Provincial Alternativa dos Veciños un importe semestral de 15.000,00 € de conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei reguladora das bases de réxime local.

O Grupo Político Provincial Alternativa dos Veciños dispón do número de identificación fiscal, ten aberta unha conta bancaria a nome do grupo e baixo a devandito número de identificación fiscal.

Presentouse a documentación xustificativa achegada polo portavoz do Grupo, que foi obxecto de preceptivo informe da Intervención Provincial. O importe xustificado ascende a 25.140,16 €.

En virtude dos antecedentes,

**RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Dar por xustificado o importe de 25.140,16 € a que ascende a documentación presentada por gastos xestionados no período comprendido entre o 16 de xaneiro do 2024 ao 17 de decembro do 2024. En consecuencia o resumo da actividade realizada, acreditada e xustificada neste período responde ao seguinte detalle:

0.-Importe anual		30.000,00
I.- Importe semestral da asignación		15.000,00
II.-Importe total xustificado:1ª xustificación		4.858,15
III.-Importe reposición por gastos xustificados ata o 17 de decembro do 2024	1ª xustificación	4.858,15
	2ª xustificación	25.140,16
	Total xustificado:	29.998,31
IV.- Pagos recibidos polo grupo: 7.500,00+7.500,00+4.858,15		19.858,15
V.- Importe que se lle paga ao grupo político provincial		10.140,16

SEGUNDO.- Recoñecer unha obriga de pago na aplicación 0000/91202/480 e aprobar o aboamento do importe que resulta desta xustificación que se presenta do exercicio 2024 que ascende a 10.140,16 € a prol do Grupo político provincial ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (NIF: V70467857), e ingresalo na súa conta na entidade financeira ABANCA: IBAN: ES06 2080 0064 9530 4001 6243.

TERCEIRO.- A documentación xustificativa dos pagos a os grupos políticos provinciais e a súa tramitación publicarase no portal da transparencia da deputación co contido permitido pola lexislación vixente.

CUARTO.- Comunicar esta Resolución aos servizos administrativos provinciais relacionados coa materia obxecto da mesma.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.